Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Lendas da Illa Coelleira

A illa Coelleira (de *cunicularia*, coello) , a pesar de non ocupar máis de 0,26 km2 é, sen embargo, a maior das illas galegas do Cantábrico. Actualmente deshabitada, está situada na ría de Viveiro, en fronte á Punta do Embarcadoiro, no concello d□O Vicedo ao que pertence, na provincia de Lugo. Nalgunhas zonas da provincia, e mesmo nun documento do Cabido mindoniense do Século XVI tamén se lle chama *Cualleira*. Parece que no século XI, sen descartar ocupacións anteriores, había alí un mosteiro, o *Mosteiro de San Miguel de Quonicularia* de monxes bieitos, que logo foi ocupado por agostiños, e que a finais do século XV o edificio estaba en ruínas e a illa xa deshabitada.

Os antigos monxes da Coelleira navegaban ata Viveiro en barcas de coiro para dicir misa nunha capela que había onde logo se construíu a igrexa dos franciscanos desta localidade.

Tamén serían os templarios da illa os que levaron á igrexa de San Román do Val un cadro coa imaxe de Santo Estevo. Outra versión asegura que o cadro apareceu na praia de Xilloi, no lugar do Altariño -outros sitúano na coñecida como a Fonte do Santo-. Os veciños, para poñela a bo recaudo, colocárona sobre un carro, mais, os bois que tiraban del non detiveron a marcha ata o sitio onde despois se erixiu a igrexa de Santo Estevo do Vicedo.

Sabemos que máis adiante foi cultivada (parece que o trigo que producía moía unha fariña dun branco extraordinario) ; e tivo faro con fareiro, e agora sigue tendo coellos, gaivotas, corvos mariños, araos □, auga

potable e ata unha valiosa herba que chaman □da fertilidade□ ou □herba empreñadeira□.
Entre a toponimia menor da illa destaca Fraguas, lugar onde ao parecer hai restos dunhas fraguas propiedade dos frades que alí viviron.

A degolación dos templarios e a Casa do Paisano

A persecución e extermino da Orde do Temple tamén chegou aos monxes-guerreiros que habitaban no cenobio da illa da Coelleira.
Unha lenda relátanos o triste final: Escoitouse unha noite tocar a rebato a campá da espadana do mosteiro, e varios verdugos sen entrañas comezaron a degolar aos monxes, que sufriron o martirio con valor e resignación.
Trinta e cinco templarios dormían xa o sono da morte. Escomezaba a albear e só quedaba por sacrificar unha vítima. Era un xove de nobre continente, de cabelos roibos e ollos azuis e morriñentos. Presentouse ás portas do convento onde o esperaban os verdugos cos aceiros tinguidos en sangue: "Aquí estou, son o derradeiro templario da miña Orde", dixo.
E, axeonllando no chan, levantou a mirada ao ceo... Logo exhalou o derradeiro suspiro. Poucos anos máis tarde, morreu en Viveiro un nobre pertencente á familia de Bernaldo de Quirós, señor da contorna, e baixo cuxa dominación se perpetrara a estarrecedora matanza. E afirma a tradición que para descargar a súa conciencia, agoniado polo crime, ordenou que se escribise esta cláusula no seu testamento: "E tamén mando que se digan trinta e seis misas polas almas dos templarios que matei e fixen matar por orde do Noso Señor o Rei en San Miguel da Coelleira".
Verbo do derradeiro templario, hai outra lenda que narra o seu tráxico fin: Un mozo, de nome Guillelme da Torre, namorara dunha fermosa rapaza, Rosalía, a quen lle declarou o seu amor, pero dicíndolle que sería un amor imposible xa que debía ingresar no Temple. Ela respondeulle: "Ti templario, ai!, talvez deixe fóra do meu cadaleito a man de desposada; se é así, estréitaa pero pronuncia tamén o meu nome antes de morrer". Guillelme partiu para os Santos Lugares e cando regresou viu que na igrexa estaba a celebrarse o funeral por unha muller. Entrou e pousou os ollos sobre o cadaleito: del pendía unha man, unha branca e suave man: a de Rosalía. Estreitouna e chorou de dor e logo retirouse ao mosteiro da Coelleira para orar o resto da súa vida. Alí asasinárono xunto cos outros trinta e cinco freires.
Unha derradeira lenda conta que da matanza salvouse un monxe que, vestido de paisano, refuxiouse nunha casa do barrio de Baltar que aínda hoxe en día conserva o nome de "Casa do Paisano".

[Información elaborada con información de Xabier Moure Salgado, de Pontide, Suegos, O Vicedo (Lugo), en abril de 2009]









BIBLIOGRAFÍA

Notas e referencias bibliográficas:

Un veciño de Baltar, don Antonio de Marea, contounos que o dono do carro e dos bois atendía polo alcume do Cereixeiro.

Justo Pico de Coaña: "*Carta a Bastián d´a Pallarega"*, artigo publicado en *La Ilustración Gallega y Asturiana* no 1888.

García Dóriga: "*El último templario (tradición gallega)"*, en Galicia. Revista Regional no ano 1888.

Eduardo Lence-Santar: "*La Isla Coelleira"*, publicado no Boletín da Comisión provincial de Monumentos da provincia de Lugo no ano 1941. -

More Santiago: "*Faros. Illa Coelleira"*, editado polo Correo Gallego no suplemento "*Galicia Vacacións"* no 1992.

Tamén mencionan as lendas: Amor Meilán, Carré Aldao, Donapetry Iribarnegaray, Cal Pardo, Leandro Carré, Laredo Verdejo e Carlos Pereira Martínez.